



XUNTA
DE GALICIA



FORMACIÓN
PROFESIONAL



PROXECTOS DE INNOVACIÓN APLICADA NA FP GALEGA

Táboa de contidos

Antecedentes	3
Convocatoria 2024	4
Modalidade A	6
Modalidade B	33
Datos clave	53

Antecedentes



- »» A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional vén desenvolvendo desde o ano 2013 convocatorias anuais de **premios para o desenvolvemento de proxectos de innovación tecnolóxica ou científica e proxectos de innovación didáctica** no ámbito da formación profesional en centros públicos.
-
- »» Estes premios contemplan **dúas modalidades**, unha de **Innovación tecnolóxica ou científica**, e outra de **Innovación didáctica**, e valóranse, en especial, os proxectos:
- »» nos que se fomente a **colaboración do profesorado e do alumnado** dos centros educativos de formación profesional con empresas e institucións do seu contorno e con outros centros educativos.
 - »» que impliquen unha **mellora na calidade da formación e na empregabilidade e na inserción laboral** do alumnado, favorecendo o acceso da muller aos perfís profesionais relacionados con profesións STEAM e actividades industriais, así como o acceso dos homes a sectores que contan con escasa representación masculina.
 - »» nos que se fomente o **emprendemento** e a aparición de **novas iniciativas empresariais**, especialmente aquelas que sexan susceptibles de pórse en marcha na Rede galega de viveiros de empresa.

Convocatoria 2024

- » Na convocatoria actual foron premiados **45 proxectos** nos que participan **32 centros coordinadores**, **34 centros colaboradores** e **94 entidades colaboradoras**. Destes, 26 proxectos pertencen á modalidade de Innovación tecnolóxica e científica, e 19 á modalidade correspondente a proxectos de Innovación didáctica.
- » O importe total destinado a esta convocatoria ascende a 1 millón de euros, o que supón un incremento de case o 20% con respecto á convocatoria anterior.


45
PROXECTOS

32
CENTROS
COORDINADORES

34
CENTROS
COLABORADORES

94
ENTIDADES
COLABORADORAS

PROXECTOS PREMIADOS




1.000.000€



Convocatoria 2024

» En canto a distribución por familias profesionais, **Hostalaría e turismo, Transporte e mantemento de vehículos, Electricidade e electrónica e Instalación e mantemento** son as máis frecuentes.

» Entre os proxectos financiados, 26 están coordinados por CIFP, fronte aos 19 coordinados por IES.





XUNTA
DE GALICIA



FORMACIÓN
PROFESIONAL

MODALIDADE



INNOVACIÓN TECNOLÓXICA OU CIENTÍFICA

Plataforma isoinercial



Desenvolvemento dunha plataforma de **entrenamento isoinercial para preparación física**, con opcións de personalización da resistencia e capacidade para simular patróns de movemento complexos. A proposta inclúe a incorporación de sensores para monitorizar forza e velocidade.



Centro coordinador

IES Laxeiro (Lalín)



Centros colaboradores

CIFP Leixa



Entidades

Centro Move Performance S.L.



9.290 €

Ensaio para o control biolóxico da xunca (Cyperus rotundus e Cyperus esculentus) con porco celta



Método de **control biolóxico contra a xunca**, unha herba invasora resistente a herbicidas, **empregando o porco celta**. Proponse o uso de cercados móbiles con aloxamento e alimentación automatizada para os porcos, monitorizados por GPS, como unidade de desinfestación. Avaliarase a eficacia do método para a súa posible adopción na agricultura ecolóxica.



Centro coordinador

CIFP A Granxa (Ponteareas)



Entidades

- Antonia Pereira Souto
- Asociación de criadores de raza porcina celta - ASOPORCEL
- Fundación Centro Tecnolóxico da Carne
- Innogando S.L.



14.500 €

Agricultura de precisión en cultivos galegos kmo



Sistema robotizado para o **control de crecemento e tratamento de cultivos** que integra IA e IoT, capaz de avisar e actuar en caso de enfermidades nas plantas mediante unha cámara con visión artificial. Rexistrará o crecemento, detectará o momento adecuado para a recollida dos froitos e identificará as necesidades de auga. Contará con depósitos de auga para a rega e de fitosanitarios.



Centro coordinador

IES Plurilingüe de Valga



Entidades

→ A Casa da Torre S.L.

→ Agro Ulla S.L.

→ Gerca, Acero y Metal, S.L.

→ Meifus Industrial S.L.



21.000 €

Intelligence picking: sistema de automatización de almacéns mediante robótica móbil e IA



O proxecto propón unha **solución de picking** mediante un **sistema automatizado para a preparación de pedidos en almacéns**. Empregará tres robots autónomos móbiles (AMR) xunto cun sistema de recoñecemento de voz, baseado en modelos de IA adestrados para detectar mensaxes concretas relativas ao pedido.



Centro coordinador

CIFP Politécnico de Lugo



Entidades

→ Binarial automatización y robótica S.L.

→ Robot Plus S.L.



44.000 €

Follow me 5.0



O proxecto ten como obxectivo **deseñar un AMR**, dotado de **visión e intelixencia artificial**, para colaborar en **servizos de restauración** con camareiros. O robot trasladará pratos desde a cociña ata as mesas dos comensais, sendo capaz de detectar e seguir ao camareiro.



Centro coordinador

CIFP Universidade Laboral (Culleredo)



Centros colaboradores

CIFP Fraga do Eume



Entidades

Robot Plus S.L.



43.000 €

Telemedida e monitorización de parámetros de saúde online (TIC's)



O proxecto consiste no desenvolvemento dun **sistema para observar remotamente os parámetros básicos de saúde dunha persoa**. Mediante un microcontrolador e dispositivos específicos, realizaranse medicións da presión arterial, pulsacións e temperatura corporal. Ademais, integrará sensores de temperatura e humidade ambiental.



Centro coordinador

IES Francisco Daviña Rey
(Monforte de Lemos)



Centros colaboradores

CIFP Politécnico de Lugo



1.100 €

Retos 5G



O proxecto divídese en tres subproxectos baseados na **utilización da tecnoloxía 5G**: uso de banda larga móbil para servidor de vídeo, IoT masiva para un horto sensorizado e mellora das probas industriais para validar a cobertura das torres mediante a medición da intensidade de campo cun dron.



Centro coordinador

IES Urbano Lugrís
(A Coruña)



Entidades

Fundación Instituto Tecnolóxico de Galicia



13.300 €

Bomba de calor aerotérmica do futuro.....90°C



O proxecto céntrase no desenvolvemento dunha **bomba de calor de alto rendemento para calefacción e auga quente sanitaria**, capaz de alcanzar máis de 90°C. O sistema será capaz de xestionar enerxías renovables, como a fotovoltaica, e contará cun sistema de telexestión.



Centro coordinador

CIFP Valentín Paz Andrade
(Vigo)



Entidades

Estudios Alfa Ingeniería de Proyectos S.L.



42.000 €

ErgoProtect



Creación dun **exoesqueleto e dun casco conectados a un reloxo intelixente** que permiten controlar a actividade do usuario e as características do ambiente de traballo. O sistema monitorizará a posición corporal, o ruído, a temperatura, os gases, entre outros parámetros, e avisará ao usuario mediante o reloxo das incidencias detectadas.



Centro coordinador
IES Plurilingüe de Valga




Entidades

- Mar Technologies 5.0 S.L.
- Marker Store by ALLNET
- Sutenor, Suministros Técnicos del Noroeste S.L.



18.000 €

Receptrónica. Recepción hoteleira asistida de tecnoloxías intelixentes, robótica, IA e realidade estendida



O proxecto pretende mellorar a atención ás persoas usuarias mediante a **transformación dunha recepción clásica nun espazo modular e transportable** que se adapte as necesidades de cada momento. Inclúe a introdución dun asistente robotizado, a incorporación de realidade estendida (RV e RA) e o desenvolvemento de asistentes virtuais impulsados por IA.



Centro coordinador

CIFP de Vilamarín



Centros colaboradores

→ CIFP A Carballeira-Marcos Valcárcel

→ IES Manuel Chamoso Lamas

→ IES Plurilingüe Antón Losada Diéguez



Entidades

→ Abraham Dopazo García

→ Binarial Automatización y Robótica S.L.

→ Deputación de Ourense

→ Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico

→ Natur-Hotel SPA Allariz S.A.

→ PHIVehicle S.L.



42.000 €

FPB healthy van



Creación dun **aula móbil de cociña e restauración** que pretende implicar ao alumnado de FP de Grao básico de Cociña e restauración na divulgación de alimentación saudable e sostible en centros de ensino infantil e primario.



Centro coordinador

CIFP Manuel Antonio
(Vigo)



Centros colaboradores

- CEE Saladino Cortizo
- CEIP Plurilingüe Javier Sensat
- CIFP Compostela



Entidades

- Chiriba C.B.
- Eloy Pérez Diéguez
- Froitas a Xuliana S.L.
- GADISA Retail S.L.
- Hostelería Comercios y Oficinas S.L.
- Kalekoi S.L
- Panadería d' Lore
- Rodovigo s.L.



37.510 €

Restauración verde: reciclaxe enerxética por unha cociña máis saudable



Aproveitamento da calor producida polas grellas para empregalo como fonte de enerxía para quentar a auga que se emprega noutra maquinaria de hostalería, como a cafeteira ou o lavavaixelas.



Centro coordinador
CIFP Paseo das Pontes
(A Coruña)



Entidades
Inclafont Renovables S.L.



24.000 €

Cociña termal



O proxecto baséase no uso de **augas termais para a elaboración de panadaría e repostaría**, para analizar a súa influencia na calidade organoléptica e nutricional. Ademais valorarase o efecto destas augas nos procesos de elaboración, fermentación e conservación.



Centro coordinador
IES Sanxillao (Lugo)



Entidades
Axencia de Turismo de Galicia



8.000 €

Elaboración artesanal de bebidas refrescantes sostenibles



Elaboración de **bebidas carbonatadas**, a nivel artesanal, que permitan introducir **novos sabores no mercado**, así como, aprovechar materias primas empregadas habitualmente nos establecementos de hostalería ou noutras industrias que, unha vez procesadas, supoñen unha perda económica e unha xeración de refugallos.



Centro coordinador

CIFP Fraga do Eume
(Pontedeume)



Centros colaboradores

CIFP Leixa



Entidades

→ Cafedor S.L.

→ Coca-cola Europacific partners



37.000 €

CultivaEduca



Deseño de **bancais e semilleiros autónomos** para a utilización en centros educativos, integrarán un **sistema de aproveitamento de augas pluviais**, control dos parámetros como a temperatura ou humidade, un sistema automático de sombreo e placas solares.



Centro coordinador

CIFP As Mercedes (Lugo)



Centros colaboradores

CEE Santa María



Entidades

Tecgal Enerxías S.L.



30.000 €

Mantenemento 4.0 para sistemas de transmisión industrial



Creación de un **banco de ensaios de sistemas de transmisión que incorpore sensórica IoT**, que permita facer medicións de vibracións e temperatura para a súa análise en tempo real. Proponse incorporar un medidor de tensión das correas mediante un sensor óptico e a utilización de láser e sensores indutivos para a aliñación de eixos.



Centro coordinador

CIFP Fontecarmoa
(Vilagracía de Arousa)



Entidades

SMC España S.A.U.



36.000 €

3D-RECOPLAS: sistema de impresión 3D para reciclaxe ecolóxico de plástico



Reciclaxe de residuos das empresas que realizan mecanizado de polímeros para a fabricación mediante **impresión 3D de produtos de uso común**. Proponse un paso previo de fabricación de gránulos fundidos.



Centro coordinador
IES Politécnico de Vigo



Entidades

- Binarial Automatización y Robótica S.L.
- Galmetec S.L.
- Grupo de Enxeñería de Fabricación (GEF), Universidade de Vigo
- Grupo ENCOMAT (Enxeñería da Corrosión e Materiais), Universidade de Vigo
- Teradyne Robotics (Spain) S.L.



38.000 €

Recuperación e atemperado da gaita porteña e outras gaitas de claves galegas



O proxecto basease na **recuperación de un tipo de gaitas en desuso**, trátase de gaitas de claves que evolucionaron en outros países de mans de galegos emigrados. Preténdese recuperar estes elementos **mediante a fabricación aditiva** e tamén mediante a súa fabricación en fibra de carbono.



Centro coordinador

CIFP Politécnico de Santiago



Centros colaboradores

→ EASD Mestre Mateo

→ CIFP Valentín Paz Andrade



Entidades

→ Karbonius Composites Technologies S.L.

→ O Xaneiro



42.000 €

Sistema intelixente de extracción de labras de madeira



O proxecto consiste na **instalación dun sistema automatizado** que xestione o sistema de **aspiración para extracción de labras e serraduras** dunha carpintería. Comprende a integración de sensores de funcionamento en cada máquina, un PLC, un variador de frecuencia, e válvulas de paso de aire con apertura e peche automatizado.



Centro coordinador

IES de Melide



Entidades

Inproafe Automation S.L.



34.000 €

ORTI_table



Fabricación dunha **mesa intelixente de madeira combinada con resina**, con elementos tecnolóxicos coma sensores e luces LEDs que se accionen mediante presión e/ou son, sistema de carga por cable e inalámbrico, e un altofalante bluetooth con ferrofluído que vibrará ao son da música para nunha experiencia multisensorial.



Centro coordinador

IES de Ortigueira



Centros colaboradores

CIFP Politécnico de Lugo



Entidades

- CFR Ferrol
- Ebanober S.L.
- Maderas Besteiro S.L.
- Xamar Distribuciones 2006 S.L.



12.900 €

Aproveitamento sostible de produtos orgánicos para a produción de bioplásticos e de biofilms



Desenvolvemento de **biomateriais** e de **biofilms procedentes de residuos orgánicos**, analizando as súas propiedades físico-químicas e a súa posible integración como materiais para o uso no deseño de materiais téxtiles ou incluso de biofilms con propiedades viricidas e antibacterianas para uso farmacéutico.



Centro coordinador
CIFP Manuel Antonio (Vigo)



Centros colaboradores
CIFP Valentín Paz Andrade



Entidades

- Compañía Española de Algas Marinas S.A.
- Insertega S.L.
- Universidade de Santiago de Compostela



38.000 €

Realidade mixta, un novo mundo na FP



O proxecto propón a **creación dun sistema para amosar a información dos fármacos mediante hologramas 3D** empregando a realidade estendida.



Centro coordinador

CIFP Montecelo
(Pontevedra)



Entidades

- Farmacia Ameijeiras
- Farmacia Carmen Ramos Mougán
- Farmacia José Luis González Gómez



11.500 €

Materiais universais para estimulación sensorial



Creación de **5 maletas con 6 bandexas sensoriais** de distintos niveis de dificultade segundo a destreza do usuario. Están destinadas a **alumnado de infantil e persoas maiores** tendo en conta a accesibilidade universal, xa que o material pode ser manipulado por persoas con NEAE, TEA e Alzheimer. As experiencias sensoriais estarán inspiradas na cidade de A Coruña.



Centro coordinador

CIFP Imaxe e Son (A Coruña)



Centros colaboradores

→ CEIP Plurilingüe da Rabadeira

→ CIFP Ánxel Casal - Montealto

→ CIFP Paseo das Pontes

→ CIFP Someso



Entidades

→ Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer de A Coruña

→ Asociación de Pais de Persoas con Trastorno de Espectro Autista (TEA) da provincia da Coruña

→ CEEPR Nuestra Señora de Lourdes - ASPONAGA



10.600 €

FormulaSim: predicción avanzada do comportamento do vehículo



Creación de un **simulador que recrea as distintas configuracións dun coche de fórmula 3** para testalas en pista; o simulador contará cun software específico que permite establecer as distintas configuracións. O sistema contará cun análise dos datos obtidos en pista mediante IA e un cadro de mandos baseado en Power BI.



Centro coordinador

CIFP As Mercedes (Lugo)



Entidades

→ Alonso Liste S.L.

→ Auto Reparación Vidal S.L.

→ Himikode Tech S.L.



43.500 €

Maqueta FCEV (vehículos eléctricos de pila de combustible) con autoproducción de hidrógeno a partir de chatarra de aluminio e auga



O proxecto propón **desenvolver unha pila de combustible innovadora que xere hidrógeno a partir de chatarra de aluminio e auga**. A pila de combustible funcionaría convertendo o aluminio da chatarra en hidrógeno mediante unha reacción química coa auga, ofrecendo así unha fonte de enerxía renovable e non contaminante.



Centro coordinador

IES Manuel Chamoso Lamas
(O Carballiño)



Centros colaboradores

IES O Ribeiro



Entidades

PHIVehicle S.L.



24.800 €

Deseño dun circuíto hidráulico en modelo formativo para solución de traballos culturais no campo



Creación dun **dispositivo hidráulico adaptado aos tractores de pequeno cavallaxe**, os máis habituais no campo galego e que normalmente non teñen un sistema hidráulico apropiado, para acoplar diferentes implementos agrícolas, tipo despuntadoras, intercepas ou desfolladoras.



Centro coordinador

IES Universidade Laboral
(Ourense)



Entidades

Sanvicor Herramientas Industriales S.L.



24.000 €



XUNTA
DE GALICIA



FORMACIÓN
PROFESIONAL

MODALIDADE



INNOVACIÓN DIDÁCTICA

Simulador loxístico con maqueta e co programa de xestión Odoo



O proxecto consiste en **replicar de maneira realista un almacén**, tanto a nivel físico como a nivel de software informático tratando de simular os procesos de xestión de almacén mediante o programa **Odoo, aplicación de xestión de inventarios gratuíta**. Proponse crear o almacén mediante a compra de maquetas ou mediante impresión dixital.



Centro coordinador

CIFP Fontecarmoa
(Vilagarcía de Arousa)



Centros colaboradores

IES Luís Seoane



Entidades

Raibal S.L.



9.000 €

Laboratorio para xestión, mantemento e configuración online de redes industriais



Creación dun **laboratorio online de redes industriais**, que permita interactuar con sistemas reais e simulados de todas as áreas do sector industrial, mediante o **acceso remoto a todas as tecnoloxías de ciberseguridade, plataformas OT e dispositivos IoT** presentes na Aula de Tecnoloxía Aplicada (Aula 4.0) do CIFP Politécnico de Lugo. Sería o primeiro de Galicia en pertencer á Rede Nacional de Laboratorios Industriais (RNLI).



Centro coordinador

CIFP Politécnico de Lugo



Centros colaboradores

IES Lauro Olmo



Entidades

Esturion Galicia S.L.



12.000 €

SUNWIND. Estación de traballo móbil



O proxecto propón a **creación dun adestrador** que permita adquirir o coñecemento e as habilidades necesarias **para a montaxe, conexión, seguimento, medicións, interpretación de datos e resolucións de problemas relacionados tanto coa enerxía solar fotovoltaica como a eólica.**



Centro coordinador

CIFP Ferrolterra (Ferrol)



Centros colaboradores

→ CIFP Coroso

→ CIFP Politécnico de Santiago



Entidades

Javier Oscar S.C.



25.000 €

Recetario DUA



Creación dun **recetario que serva como material didáctico** para alumnado que presenta dificultade de aprendizaxe, como **persoas con TEA, síndrome de Down, sordeira, etc.** Mediante a utilización de pictogramas e imaxes como apoio visual e incluíndo audio.

**Centro coordinador**

IES Sanxillao (Lugo)

**Entidades**

Asociación Raiolas – Lugo

**1.450 €**

Digital tasting



Desenvolvemento dunha **plataforma web e unha aplicación móbil**, que permita a xestión integral das **catas de produtos tanto no ámbito educativo como no profesional**.



Centro coordinador

CIFP Compostela



Entidades

- Consello Regulador da Denominación de Orixe Protexida Arzúa-Ulloa
- Axencia Galega da Calidade Alimentaria
- Consello Regulador da Denominación de Orixe Protexida Queixo tetilla
- Consello Regulador da Denominación de Orixe Protexida San Simón da Costa
- Consello Regulador das Indicacións Xeográficas Protexidas das Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia
- Consello Reguladors da Indicación Xeográfica Protexida Mel de Galicia



25.000 €

Adquisición e análise de datos persoais en operadoras de telecomunicacións e de redes sociais para a elaboración de informes periciais informáticos



Este proxecto pretende crear unha **ferramenta automatizada**, que serva tamén como recurso educativo, para **analizar e mellorar a ciberseguridade en aplicacións web**, utilizando intelixencia artificial para optimizar auditorías de seguridade.



Centro coordinador

CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro
(Ferrol)



Entidades

- Laboratorio de Seguridade Telemática S.L.
- Universidade da Coruña
- Universidade de Vigo



4.600 €

API de auditoría de ciberseguridade para aplicacións web empresariais baseada na toma de decisións por IA para exercicios de red team e blue team en escenarios de integración continua



"Desenvolvemento dunha **ferramenta**, que a través dunha **API** permite que poida integrarse de maneira modular con outras ferramentas, para a formación en **ciberseguridade**.



Centro coordinador

CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro
(Ferrol)



Centros colaboradores

- Cen. Pub. Escuela de Especialidades Estación Naval A Graña, ESENGRA
- IES Muralla Romana



1.800 €

Banco de probas hidráulicas para técnicos de mantemento de instalacións



Creación dunha maqueta **maqueta hidráulica que simule o funcionamento dunha parte de instalación de transporte de auga**. De xeito que permita aos estudantes experimentar co comportamento dos fluídos nas tuberías a través duns procedementos de ensaio. A maqueta sería portátil.

**Centro coordinador**

CIFP As Mercedes (Lugo)

**Entidades**

Saicalu S.L.

**22.603 €**

Deseño e construción de CNC gravador con software libre



O proxecto consiste no **deseño e fabricación dun CNC gravador**, unha tecnoloxía que está presente no tecido industrial e da cal non se dispón nos ciclos de mantemento. O equipo empregará software libre.



Centro coordinador

IES Politécnico de Vigo



Centros colaboradores

→ IES Punta Candieira

→ CIFP de Coia



Entidades

Electricidad. Mantenimento y automatización S.L.



24.000 €

Modificación xenética de lévedos para a produción de beta-caroteno. Usos na industria alimentaria (CAROTALI)



Deseño mediante enxeñaría xenética un **microorganismo capaz de producir betacaroteno**. Transformación dun lévedo cun plásmido e posterior cultivo nun biorreactor, e finalmente extracción e purificación do betacaroteno.



Centro coordinador

CIFP Coroso (Ribeira)



Centros colaboradores

→ CIFP Politécnico de Santiago

→ CIFP Manuel Antonio



Entidades

Innolact S.L.



17.000 €

Biomobiliario. Utilización de eco-resinas con madeira e os seus subprodutos



Creación de **mobiliario** mediante a combinación de **eco-resinas** con madeira e outros subprodutos.



Centro coordinador

CIFP Valentín Paz Andrade
(Vigo)



Centros colaboradores

CIFP A Xunqueira



Entidades

→ Galega de impermeabilizaciones y revestimientos especiales S.A.

→ Resinas Castro S. L.



22.000 €

Plataforma de adestramento didáctico en realidade estendida dunha cabina de seguridade biolóxica en rede e multiusuario



Desenvolvemento dunha **plataforma de adestramento en realidade virtual e estendida para cabina de seguridade biolóxica para cultivos celulares**, que permita o adestramento previo ao uso das cabinas físicas.



Centro coordinador

CIFP A Carballeira-Marcos Valcárcel
(Ourense)



Entidades

PHIVehicle S.L.



25.000 €

Prometeo: programa de vixilancia e control do mosquito tigre, unha ameaza sanitaria emerxente en Galicia



Deseño e aplicación dun **programa de control e vixilancia do mosquito tigre en centros educativos**. Preténdese a captura de exemplares mediante trampeo e a elaboración de guías didácticas



Centro coordinador

CIFP A Carballeira - Marcos
Valcárcel (Ourense)



Centros colaboradores

CIFP Manuel Antonio



7.675 €

Control da calidade das augas da mariña con sistema de mostraxe en continuo alimentado con enerxía solar



Desenvolvemento dun **equipo de mostraxe en continuo, alimentado por enerxía solar, para tomar mostras de auga nos ríos e depósitos da zoa en diferentes profundidades**. A análise das mostras será levado a cabo polo alumnado, incluíndo controis físico-químicos, microbiolóxicos, así como de outros contaminantes como os compoñentes dos filtros solares ou compostos haloxenados.



Centro coordinador

IES Monte Castelo (Burela)



Centros colaboradores

→ IES María Sarmiento

→ CIFP Porta da Auga



Entidades

→ Electricidad Núñez S.L.

→ Instituto Universitario de Medio Ambiente da Universidade da Coruña

→ Vithas Diagnostico S.L.



21.500 €

Dixitalización da dinámica dun amortecedor mediante o deseño. Fabricación e homologación dun banco de ensaios



Deseño, fabricación e homologación dun **dinamómetro para realizar probas en amortecedores de xeito individual de vehículos**. Adaptación de un software deseñado por eles.



Centro coordinador
CIFP Coroso (Ribeira)



Entidades
Auto Reparacion Vidal S.L.



8.616 €

Sistema de tracción traseira de vehículos eléctricos con dous motores en roda



Creación dun **vehículo con tracción as dúas rodas traseiras** mediante a inclusión de **dous motores eléctricos** en roda sincronizados no eixe traseiro.



Centro coordinador

CIFP Ferrolterra (Ferrol)



Centros colaboradores

IES María Sarmiento



Entidades

DIM Formación Mecánica S.L.



22.500 €

Simulador hidráulico de escavadora con cargador solar, acumulador e luces LED



Construción dunha **maqueta tipo simulador**, baseada nunha **estrutura móbil autopropulsada que imita unha excavadora de funcionamento hidráulico**. Incorporará un sistema de carga solar con placas, acumulador e luces LED.



Centro coordinador

CIFP Porta da Auga (Ribadeo)



Centros colaboradores

IES María Sarmiento



Entidades

→ Gesnia Energía S.L.

→ Mamut Technology S.L.



14.000 €

E-mobilidade STEM FP



Planificación e construción, por parte de cada centro educativo, dun **vehículo eléctrico que participarán nunha carreira a nivel Galicia** na que o equipo gañador será aquel que consiga percorrer o maior número de quilómetros sen que se acabe a batería.



Centro coordinador

IES Ordes



Centros colaboradores

→ CIFP A Xunqueira

→ CIFP Coroso

→ CIFP Ferrolterra

→ CIFP Fontecarmoa

→ IES de Vilalonga

→ IES Lois Peña Novo

→ IES Manuel Chamoso Lamas

→ IES María Sarmiento

→ IES O Ribeiro

→ IES Plurilingüe Castro da Uz

→ IES Terra de Trasancos



Entidades

→ Automatismo y control de tráfico S.L.

→ Baher Carballiño S.L.

→ Chairaauto S.L.

→ Desguaces Vilabella S.L.

→ Escola Politécnica de Enxeñaría de Ferrol e do Campus Industrial da empresa/ Universidade da Coruña

→ Green Power Iberia - Asociación EducativaKid's Kitcar

→ Inelsa Solar S.L.U.

→ Internaco S.A.

→ Inelsa Solar S.L.U.



27.000 €

Maqueta distribución de enerxía



O obxectivo do proxecto é desenvolver unha **maqueta didáctica que simule os xestores de consumo de enerxía dos vehículos modernos**. Pretenden que sexa unha maqueta modular e transportable, para o cal tratarán de que se adecúe ás medidas dun palé.



Centro coordinador
IES Lois Peña Novo
(Vilalba)



Entidades
Grille Automoción S.L.





9.256 €

Datos clave

DESDE 2013

360
PROXECTOS

6.723.000 €
ORZAMENTO TOTAL ACUMULADO



Datos clave



+130

CENTROS
EDUCATIVOS



+400

EMPRESAS
COLABORADORAS



+2.400

DOCENTES



+6,7M€

INVERSIÓN
TOTAL

ANO 2024



20%

INCREMENTO INVERSIÓN
PROXECTOS INNOVACIÓN



1M€

ORZAMENTO



45

PROXECTOS PREMIADOS



XUNTA
DE GALICIA